



# EN/RAIZ/ADAS

arte e igualdade  
nas comunidades rurais

arte e igualdad en las comunidades rurales

## CRÉDITOS

### **Enraizadas.** **Arte e igualdade nas comunidades rurais**

Proxecto de investigación e mediación artística no rural da Ribeira Sacra  
Proyecto de investigación y mediación artística en el rural de la Ribeira Sacra

**Dirección**  
Loli Docampo

**Coordinación**  
Sara Donoso  
Silvia García  
Asociación Lincora-Alemparte

**Intervención artística**  
Zeltia Iglesias

**Mediación**  
Silvia García González  
Macarena Montesinos  
Juan Manuel Vázquez Vázquez  
Profesor de música do IES Lamas das Quendas

## CATÁLOGO

**Edita**  
Asociación Lincora-Alemparte

**Coordinación**  
Sara Donoso

**Textos**  
Sara Donoso  
Zeltia Iglesias  
Silvia García González  
Macarena Montesinos

**Fotografías:**  
Equipo *Enraizadas*  
Zeltia Iglesias  
Noelia Picadizo

**Deseño e maquetaxe / Diseño y maquetación**  
Raquel Boo

**ISBN**  
978-84-09-68202-7

Proxecto subvencionado por:

**Cultura, derecho de Todas**

Proyecto subvencionado por:



- 04/ *Que é Enraizadas?*  
*¿Qué es Enraizadas?*
- 12/ *Proposta artística*  
*Propuesta artística*  
Investigación previa de Zeltia Iglesias
- 20/ *Vinte e sete, cincocentos trinta e algo*  
*Por Zeltia Iglesias*  
Obra  
Procesos
- 44/ *Propostas de mediación*  
*Propuestas de mediación*
- 45/ *Baixo a mediación de Silvia García*  
*Bajo la mediación de Silvia García*  
*Historias de vida, de traballo e de emigración*  
*Historias de vida, de trabajo y de emigración*
- 52/ *Baixo a mediación de Macarena Montesinos*  
*Bajo la mediación de Macarena Montesinos*  
*Mirar sons*  
*Mirar sons*
- 54/ *Entre lazos e raíces (a modo de conclusión)*  
*Entre lazos y raíces (a modo de conclusión)*  
Por Sara Donoso
- 57/ *Biografías*



Alenparte, Líncora. Chantada (Lugo)

## Que é Enraizadas? ¿Qué es Enraizadas?

*Enraizadas* é unha proposta cultural que ten como obxectivo fomentar o diálogo interxeracional e visibilizar o papel das mulleres tanto nas artes coma no medio rural da Ribeira Sacra, empregando prácticas sostibles e ferramentas de creación contemporánea. Coordinado por Loli Docampo, Sara Donoso e Silvia García, e co apoio do Instituto de las Mujeres, o proxecto reforza tamén a colaboración coa Asociación Cultural e Educativa Líncora-Alemparte, coa que previamente se desenvolveu *Idear Alemparte*.

Entendendo o papel da arte como motor para o desenvolvemento social, *Enraizadas* busca xerar dinámicas que involucren a un público diverso, promovendo a participación activa e a reflexión colectiva a través de metodoloxías adaptadas ao contexto. Así, empregando a arte e a cultura como

*Enraizadas* es una propuesta cultural que tiene como objetivo fomentar el diálogo intergeneracional y visibilizar el papel de las mujeres tanto en las artes como en medio rural de la Ribeira Sacra, empleando prácticas sostenibles y herramientas de creación contemporánea. Coordinado por Loli Docampo, Sara Donoso y Silvia García, y con el apoyo del Instituto de las Mujeres, el proyecto refuerza también la colaboración con la Asociación Cultural y Educativa Líncora-Alemparte, con la que previamente se desarrolló *Idear Alemparte*.

Entendiendo el papel del arte como motor para el desarrollo social, *Enraizadas* busca generar dinámicas que involucren a un público diverso, promoviendo la participación activa y la reflexión colectiva a través de metodologías adaptadas al contexto. Así, empleando el arte y la cultura como herramientas transversales, el proyecto se desarrolló en 2024 en las localidades lucenses de Chantada y Milleirós (Carballedo) y se centró en dos acciones principales: una residencia artística de Zeltia Iglesias y un proyecto de mediación educativa, dirigido por Silvia García y Macarena Montesinos en el IES Lamas das Quendas de Chantada.

ferramentas transversais, o proxecto desenvolveuse en 2024 nas localidades lucenses de Chantada e Milleirós (Carballedo) e centrouse en dúas accións principais: unha residencia artística de Zeltia Iglesias e un proxecto de mediación educativa, dirixido por Silvia García e Macarena Montesinos no IES Lamas das Quendas de Chantada.

Cómpre destacar a importancia da convocatoria pública lanzada para seleccionar o proxecto de residencia artística, dirixida a creadoras vinculadas a Galicia. A apertura desta convocatoria non só fomenta a igualdade de oportunidades, senón que asegura a calidade do proxecto ao dotar á artista de condicións económicas dignas, contribuíndo ao desenvolvemento de boas prácticas culturais e loitando contra a precarización do traballo creativo. O feito de dirixirse especificamente a mulleres reafirma o compromiso de incrementar as oportunidades de traballo feminino nun sector onde a presenza masculina segue a liderar os proxectos artísticos e expositivos.

As accións realizadas buscaron concienciar sobre a importancia de coidar e coñecer o territorio, promovendo un espazo que revalorice a cultura local e fortaleza os lazos entre xeracións. Todas as actividades foron deseñadas tras un estudo previo da historia, memoria e patrimonio, tanto material coma inmaterial, da contorna, ideando unha proposta plural que responde aos valores de innovación e experimentación da creación contemporánea. A relación co contexto foi abordada de maneira integral, incluíndo a perspectiva de xénero e atendendo ás narrativas e historias de vida achegadas pola propia comunidade.

Es importante destacar la relevancia de la convocatoria pública lanzada para seleccionar el proyecto de residencia artística, dirigida a creadoras vinculadas a Galicia. La apertura de esta convocatoria no sólo fomenta la igualdad de oportunidades, sino que asegura la calidad del proyecto al dotar a la artista de condiciones económicas dignas, contribuyendo al desarrollo de las buenas prácticas culturales y luchando contra la precarización del trabajo creativo. El hecho de dirigirse específicamente a mujeres reafirma el compromiso de incrementar las oportunidades de trabajo femenino en un sector donde la presencia masculina continúa liderando los proyectos artísticos y expositivos.

Las acciones realizadas buscaron concienciar sobre la importancia de cuidar y conocer el territorio, promoviendo un espacio que revalorice la cultura local y fortalezca los lazos entre generaciones. Todas las actividades fueron diseñadas tras un estudio previo de la historia, memoria y patrimonio, tanto material como inmaterial, del entorno, ideando una propuesta plural que responde a los valores de innovación y experimentación de la creación contemporánea. La relación con el contexto fue abordada de manera integral, incluyendo la perspectiva de género y atendiendo a las narrativas e historias de vida aportadas por la propia comunidad.



Milleirós, Carballedo (Lugo)



# Localización Recursos

Concello de CHANTADA  
**Líncora / Alemparte**  
42°35'17"N 7°44'50"O

Concello de CARBALLEDO  
**Milleirós**  
42°32'59"N 7°47'38"O



Casa de Milleirós  
Residencia artística

XOVES  
5 SETEMBRO  
presentación

### **Encontros coa comunidade**

Recoñecendo a importancia de establecer unha relación próxima coa comunidade para crear un proxecto horizontal e con impacto na contorna, organizáronse dúas merendas: unha de presentación e outra de peche, abertas a toda a veciñanza de Milleirós. Estes encontros foron unha oportunidade para practicar a escoita activa, presentar a proposta, fomentar o coñecemento mutuo e, sobre todo, recoller as perspectivas, necesidades e historias das persoas do lugar, integrando así as súas voces e experiencias no desenvolvemento do proxecto.



Veciñanza da aldea de Milleirós con Silvia García na presentación da iniciativa *Enraizadas*

Vecindad de la aldea de Milleirós con Silvia García en la presentación de la iniciativa *Enraizadas*

### **Encuentros con la comunidad**

Reconociendo la importancia de establecer una relación próxima con la comunidad para crear un proyecto horizontal y con impacto en el entorno, se organizaron dos meriendas: una de presentación y otra de cierre, abiertas a todo el vecindario de Milleirós. Estos encuentros fueron una oportunidad para practicar la escucha activa, presentar la propuesta, fomentar el conocimiento mutuo y, sobre todo, recoger las perspectivas, necesidades e historias de las personas del lugar, integrando así sus voces e experiencias en el desarrollo del proyecto.

DOMINGO  
1 DECEMBRO  
avaliación /  
evaluación



Veciñanza da aldea de Milleirós xunto con Zeltia Iglesias no visionado da obra e compartindo con Silvia García os resultados das mediacións no IES Lamas das Quedas de Chantada

Vecindad de la aldea de Milleirós junto con Zeltia Iglesias en el visionado de la obra y compartindo con Silvia García los resultados de las mediaciones en el IES Lamas das Quedas de Chantada





# Proposta artística

## Propuesta artística

*Vinte e sete, cincocentos trinta e algo*

Zeltia Iglesias Rodríguez

*Vinte e sete, cincocentos trinta e algo* é unha obra que rende homenaxe ás tarefas e costumes da aldea de Milleirós (Carballedo, Ribeira Sacra), un lugar en proceso de despoboamento onde os recordos sobreviven nos relatos das súas veciñas e nos espazos que un día foron centros de actividade. O proxecto foi levado a cabo por Zeltia Iglesias, artista e ximnasta que combinou ambas facetas nunha proposta orixinal na que o seu corpo se converteu nun medio para recuperar a memoria do lugar.

A residencia artística de Zeltia abarcou varias etapas: investigación, relación coas veciñas, recopilación de historias e datos da contorna, ideación e materialización das pezas finais.

*Vinte e sete, cincocentos trinta e algo* es una obra que rinde homenaje a las tareas y costumbres de la aldea de Milleirós (Carballedo, Ribeira Sacra), un lugar en proceso de despoblación donde los recuerdos sobreviven en los relatos de sus vecinas y en los espacios que un día fueron centros de actividad. El proyecto fue llevado a cabo por Zeltia Iglesias, artista y gimnasta que combinó ambas facetas en una propuesta original en la que su cuerpo se convirtió en un medio para recuperar la memoria del lugar.


La residencia artística de Zeltia abarcó varias etapas: investigación, relación con las vecinas, recopilación de historias y datos del entorno, ideación y materialización de las piezas finales.

Sacho  
Recollector de Isabel  
A aldea / investigación  
previa Zeltia Iglesias






Hórreo  
Marco  
Paso  
A aldea / investigación  
previa Zeltia Iglesias








Galiñas (1,3)  
Galo  
A aldea / investigación  
previa Zeltia Iglesias



Coles  
Costureira  
Corredoira  
Asento  
A aldea / investigación  
previa Zeltia Iglesias



Lápida (1,3)  
Plíntega  
Óxido  
A aldea / investigación  
previa Zeltia Iglesias



Cocina de leña  
Artesa  
Lepiota  
A aldea / investigación  
previa Zeltia Iglesias



Vinte e sete, cincozentos trinta e algo.



*Vinte e sete, cincocentos trinta e algo* é un proxecto que busca recuperar e homenaxear labores e costumes asociadas a espazos concretos do lugar de Milleirós (Carballedo).

Nunha aldea camiño do despoboamento, a historia do lugar sobrevive nas lembranzas das últimas veciñas, mais tamén no baleiro que aparece en cada un dos espazos nos que antes se traballaba e facía vida. O proxecto propón reocupar eses espazos desde a contemporaneidade e reinterpretar as accións concretas que alí se levaban a cabo por medio de posicións coreográficas aparentemente estáticas, inspiradas na escultura e rexistradas en vídeo.

*Vinte e sete, cincocentos trinta e algo* é un nome que sae do código postal ao que pertence o lugar de Milleirós -27533-, incompleto e impreciso, coma as historias do lugar que contan as súas veciñas.

*Vinte e sete, cincocentos trinta e algo* es un proyecto que busca recuperar y homenajear labores y costumbres asociadas a espacios concretos del lugar de Milleirós (Carballedo).

En una aldea camino de la despoblación, la historia del lugar sobrevive en los recuerdos de las últimas vecinas, pero también en el vacío que aparece en cada uno de los espacios en los que antes se trabajaba y hacía vida. El proyecto propone reocupar esos espacios desde la contemporaneidad y reinterpretar las acciones concretas que allí se llevaban a cabo por medio de posiciones coreográficas aparentemente estáticas, inspiradas en la escultura y registradas en vídeo.

*Vinte e sete, cincocentos trinta e algo* es un nombre que parte del código postal al que pertenece el lugar de Milleirós -27533-, incompleto e impreciso, como las historias del lugar que cuentan sus vecinas.

Paseo de Zeltia con Marisa, veciña de Milleirós, durante a fase de investigación previa

Paseo de Zeltia con Marisa, vecina de Milleirós durante la fase de investigación previa

POR  
Zeltia Iglesias





O sapo  
VIDEO / 01

Na entrada da aldea hai unha fonte que este ano non pasou a análise de potabilidade da auga. Facía moito que as veciñas non a limpaban por dentro. Antes sempre ía Manolo, pero xa non pode por causa do lombo. Buscaron outro veciño máis novo e miúdo, limpouna, e agora xa volve ser potable. Preto da fonte apareceu un sapo. Andaba todos os días entre a fonte e a casa da Isabel e o Manolo. Daban conta del e intentaban escorrentalo do camiño para que non o pisase un coche. O sapo xa non anda por alí.

En la entrada de la aldea hay una fuente que este año no pasó el análisis de potabilidad del agua. Hacía mucho que las vecinas no la limpiaban por dentro. Antes siempre iba Manolo, pero ya no puede por problemas de espalda. Buscaron a otro vecino más joven y menudo, la limpió y ahora ya vuelve a ser potable. Cerca de la fuente apareció un sapo. Estaba todos los días entre la fuente y la casa de Isabel y Manolo. Se ocupaban de él e intentaban ahuyentarlo del camino para que no lo pisara un coche. El sapo ya no está por allí.

A tía da Marisa era costureira. Cosía en Milleirós e ía tamén traballar a outros lugares, andando, coa máquina enriba da cabeza ou debaixo do brazo. Aprendeu o oficio dunha muller que veu de Cuba e logo ensinoullo á súa sobriña. A Marisa gústalle moito coser. Ten unha máquina en Vigo e outra nun cuarto da casa de Milleirós, onde tamén garda a vella máquina a manivela da súa tía. Antes había unha pequena mercería ao final da aldea. A Marisa encantáballes ver todos os lazos e fíos que tiñan alí expostos.

La tía de Marisa era costurera. Cosía en Milleirós e iba también trabajar a otros lugares, andando, con la máquina encima de la cabeza o bajo el brazo. Aprendió el oficio de una mujer que vino de Cuba y luego se lo enseñó a su sobrina. A Marisa le gusta mucho coser. Tiene una máquina en Vigo y otra en un cuarto de la casa de Milleirós, donde también guarda la vieja máquina a manivela de su tía. Antes había una pequeña mercería al final de la aldea. A Marisa le encantaba ver todos los lazos e hilos que tenían allí expuestos.



*A costureira*  
VIDEO / 02

O burro  
VÍDEO / 03



As veciñas da aldea emocionáanse cada vez que tocan as campás da igrexa para as procesións. Din que a melodía é moi particular e que os campaneiros o fan moi ben. Conta Manolo que unha noite de San Xoán soaba unha campá. Marisa tamén a escoitou. Alguén fixera unha trasnada e atara un burro á campá da igrexa, e cada vez que baixaba a cabeza, facía soar de novo. Así toda a noite.

Las vecinas de la aldea se emocionan cada vez que tocan las campanas de la iglesia para las procesiones. Dicen que la melodía es muy particular y que los campaneros lo hacen muy bien. Cuenta Manolo que una noche de San Juan sonaba una campana. Marisa también la escuchó. Alguien había gastado una broma y había atado un burro a la campana de la iglesia, y cada vez que bajaba la cabeza, la hacía sonar de nuevo. Así toda la noche.

En Milleirós vivían máis de cen persoas. A aldea non é moi grande pero había casas con moita xente. No lugar atopábanse muíños, fornos, teares e outros negocios dos que vivían e que daban servizo aos veciños. Aínda se ven moitos hórreos. Algúns mantéñense en bo estado pero a maioría están caendo. No final da aldea hai un do que só quedan as pedras da base e uns restos de madeira nos que alguén deixou un sachó apoiado.

En Milleirós vivían máis de cien personas. La aldea no es muy grande pero había casas con mucha gente. En el lugar se encontraban molinos, hornos, telar y otros negocios de los que vivían y que daban servicio a los vecinos. Aún se ven muchos hórreos. Algunos se mantienen en buen estado pero la mayoría se están cayendo. En el final de la aldea hay uno del que sólo quedan las piedras de la base y unos restos de madera en los que alguien dejó una azada apoyada.



*A esqueira*  
**VIDEO / 04**





O liño  
vídeo / 05

O liño estivo moi presente en Milleirós. O seu proceso era moi laborioso e complexo. Comezaba nas leiras, quitándolle as malas herbas de xeonllos durante horas, e remataba nos teares da aldea, que tiñan fama pola calidade dos seus tecidos. Entremedias había que somerxelo en auga, batelo, estendelo, rastrillalo no camiño... Marisa xa non lembra a orde de cada labor, nin o nome de todas as ferramentas necesarias; di que Alicia acórdase un pouco mellor.

El lino estuvo muy presente en Milleirós. Su proceso era muy laborioso y complejo. Comenzaba en las fincas, quitándole las malas hierbas de rodillas durante horas, y terminaba en los telares de la aldea, que tenían fama por la calidad de sus tejidos. Entremedias había que sumergirlo en agua, batirlo, extenderlo, rastrillarlo en el camino... Marisa ya no recuerda el orden de cada labor, ni el nombre de todas las herramientas necesarias; dice que Alicia se acuerda un poco mejor.

Tamén ao final da aldea están as leiras onde antes se traballaba. Agora xa só queda algunha árbore pequena que sobresaie entre as herbas máis grandes. Hai outras leiras pola aldea, nas que seguen botando o millo e algunha outra cousa. As veciñas son maiores e xa non son quen de atender estas labores. Unha delas, máis nova, ten un burro. De vez en cando Marisa déixalle a súa porta aberta para que vaia comerlle a herba á súa leira.

También al final de la aldea están las fincas donde antes se trabajaba. Ahora ya sólo queda algún árbol pequeño que sobresale entre las hierbas más grandes. Hay otras fincas por la aldea, en las que siguen echando el maíz y alguna otra cosa. Las vecinas son mayores y ya no pueden atender estas labores. Una de ellas, más joven, tiene un burro. De vez en cuando Marisa le deja su puerta abierta para que vaya a comer la hierba a su finca.

*A leira*  
VIDEO / 06





*O bolo*  
VIDEO / 07

En Milleirós había varias casas con fornos de pedra nas que se cociñaban os bolos de pan. Isabel e Manolo aínda conservan o seu ao lado da corte dos porcos. Agora úsano para almacenar cousas. Ás veces pódese saber onde había un forno mirando as paredes de pedra das casas, xa que a parte de atrás era curva, non recta. Nunha das corredeiras da aldea pode verse unha destas. Ao final da aldea queda outro forno, ao descuberto, rodeado dunhas casas comidas polas silvas.

En Milleirós había varias casas con hornos de pedra en las que se cocinaban los bollos de pan. Isabel y Manolo todavía conservan el suyo al lado de la corte de los cerdos. Ahora lo usan para almacenar cosas. A veces se puede saber dónde había un horno mirando las paredes de piedra de las casas, ya que la parte de atrás era curva, no recta. En uno de los caminos de la aldea puede verse una de estas. Al final de la aldea queda otro horno, al descuberto, rodeado de unas casas comidas por las zarzas.

Di Manolo que a Milleirós lle chamaban «A Conexeira» porque moitas veciñas se arrimaban a homes da aldea en vez de xuntarse e casar con alguén de fóra. Isto facía que a xente de arredor falase e xurdise o alcume que comparaba as relacións da aldea coas dos coellos. Os homes de fóra querían xuntarse coas mulleres de Milleirós, pero vían como elas escollían mellor a algún veciño.

Dice Manolo que a Milleirós le llamaban “A Conexeira (la conejera)” porque muchas vecinas se arrimaban a hombres de la aldea en vez de juntarse y casarse con alguien de fuera. Esto hacía que la gente de alrededor hablara y surgiera el apodo que comparaba las relaciones de la aldea con las de los conejos. Los hombres de fuera querían juntarse con las mujeres de Milleirós, pero veían cómo ellas escogían mejor a algún vecino.



*A conexeira*  
**VIDEO / 08**


*Vinte e sete, cincocentos trinta e algo* é un proxecto que fala do paso do tempo, do baleiro e das cousas que enchen o baleiro, das aldeas con moitas casas pero con pouca xente, da imprecisión, do inexacto e da relación do corpo co espazo que habitamos.


*Vinte e sete, cincocentos trinta e algo* es un proyecto que habla del paso del tiempo, del vacío y de las cosas que llenan el vacío, de las aldeas con muchas casas pero con poca gente, de la imprecisión, de lo inexacto y de la relación del cuerpo con el espacio que habitamos.

---

Artista: Zeltia Iglesias  
Cámara e asesoría de vestiario: Noelia Picadizo  
Agradecimentos: ás veciñas Manolo, Alicia, Marisa, Ana, Carmela, Isabel e Manolo

Artista: Zeltia Iglesias  
Cámara y asesoría de vesturario: Noelia Picadizo  
Agradecimientos: a las vecinas Manolo, Alicia, Marisa, Ana, Carmela, Isabel e Manolo





Conceptualización e creación das coreografías  
Bosquexos e ensaios  
Proceso





Silvia García co alumnado do IES Lamas das Quendas de Chantada, Lugo  
Silvia García con el alumnado del IES Lamas das Quendas de Chantada, Lugo

# Propostas de mediación

## Propuestas de mediación

No marco de *Enraizadas*, levouse a cabo unha proposta de mediación no IES Lamas das Quendas de Chantada, en colaboración co profesor de música Juan Manuel Vázquez Vázquez. Co obxectivo de impactar positivamente na comunidade e fomentar as habilidades de conciencia social, a reflexión sobre a historia, a igualdade e a memoria desde un enfoque creativo, desenvolvéronse dúas actividades diferenciadas baixo a mediación de Silvia García e Macarena Montesinos.

### Baixo a mediación de Silvia García González

#### *Historias de vida, de traballo e de emigración*

Nunha primeira fase, a artista e profesora Silvia García González presentou o proxecto ao alumnado, convidándoo a realizar entrevistas ás súas avoas ou persoas maiores da familia para descubrir como eran os modos de vida noutros tempos. Estas conversas trouxeron á luz temas como a emigración, a educación, a dureza do traballo, as relacións familiares e os cambios no rol das mulleres.

Despois da recollida da información, os estudantes compartiron as súas experiencias en grupo, debatiendo na aula posibles composicións e combinacións de texto e imaxe que expresasen os aspectos máis significativos das historias recollidas. O proxecto culminou na creación de cadernos de artista, onde cada estudante estableceu unha conexión entre o pasado e o futuro, creando unha ponte entre a memoria dos seus familiares e a súa propia visión do que poderá ser o seu porvir.

A través das entrevistas, as fotografías e as historias compiladas, foise recuperando unha parte importante da memoria colectiva do lugar, que doutro xeito podería desaparecer. Os cadernos convertéronse nun espazo para a reflexión sobre as raíces e as transformacións sociais, así como nunha ferramenta que promove o entendemento e a valoración do pasado na construción da identidade colectiva e individual.

En el marco de *Enraizadas*, se llevó a cabo una propuesta de mediación en el IES Lamas das Quendas de Chantada, en colaboración con el profesor de música Juan Manuel Vázquez Vázquez. Con el objetivo de impactar positivamente en la comunidad y fomentar las habilidades de conciencia social, la reflexión sobre la historia, la igualdad y la memoria desde un enfoque creativo, se desarrollaron dos actividades diferenciadas bajo la mediación de Silvia García y Macarena Montesinos.

### Bajo la mediación de Silvia García González

#### *Historias de vida, de trabajo y de emigración*

En una primera fase, la artista y profesora Silvia García González presentó el proyecto al alumnado, invitándolo a realizar entrevistas a sus abuelas o personas mayores de la familia para descubrir cómo eran los modos de vida en otros tiempos. Estas conversaciones trajeron a la luz temas como la emigración, la educación, la dureza del trabajo, las relaciones familiares y los cambios en el rol de las mujeres.

Después de la recogida de la información, los estudiantes compartieron sus experiencias en grupo, debatiendo en el aula posibles composiciones y combinaciones de texto e imaxe que expresaran los aspectos máis significativos de las historias recollidas. El proyecto culminó en la creación de cuadernos de artista, donde cada estudiante estableció una conexión entre el pasado y el futuro, creando un puente entre la memoria de sus familiares y su propia visión de lo que podrá ser su porvenir.

A través de las entrevistas, las fotografías y las historias compiladas, se fue recuperando una parte importante de la memoria colectiva del lugar, que de otro modo podría desaparecer. Los cuadernos se convirtieron en un espacio para la reflexión sobre las raíces y las transformaciones sociales, así como en una herramienta que promueve el entendimiento y la valoración del pasado en la construcción de la identidad colectiva e individual.

POR

# Silvia García González

As historias de vida familiares adoitan activarse ao revisar un álbum fotográfico, ao escoitar unha nova na televisión, ou pola necesidade de poñerlles exemplos de modos de vida e traballo aos descendentes, pero hai familias nas que non se conta moito, ás veces porque o pasado contén tabús e porque nalgúns casos hai pouco hábito para falar do pasado e da propia vida.


Pero o diálogo interxeracional ten con frecuencia un contexto ideal nas escolas e nos institutos, porque as familias queren axudar nas tarefas escolares e non sempre teñen oportunidade nin saben como facelo. Revisar fotografías e activar lembranzas é un proceso reconfortante para activar este diálogo. No resultado dos traballos do IES Lamas das Quendas aflorou a admiración da rapazada polo esforzo das familias en saír adiante e procurar un futuro mellor.

Nunha primeira parte a investigación centrouse nas historias de vida das mulleres da aldea de Milleirós, Carballedo; a maioría tivera experiencias relacionadas coa emigración, fundamentalmente a Inglaterra e Suíza. De feito, a propia configuración da aldea mudou cos cartos da emigración: na entrada da aldea construíronse casas grandes, novas, e as vellas casas quedaron no núcleo da aldea sin modificar (porque os terreos eran moi pequenos e as casas estaban unidas unhas a outras).

Las historias de vida familiares suelen activarse al revisar un álbum fotográfico, al escuchar una noticia en la televisión, o por la necesidad de ponerles ejemplos de modos de vida y trabajo a los descendientes, pero hay familias en las que no se cuenta mucho, a veces porque el pasado contiene tabúes y porque en algunos casos hay poco hábito para hablar del pasado y de la propia vida.

Pero el diálogo intergeneracional tiene con frecuencia un contexto ideal en las escuelas y en los institutos, porque las familias quieren ayudar en las tareas escolares y no siempre tienen oportunidad ni saben cómo hacerlo. Revisar fotografías y activar recuerdos es un proceso reconfortante para activar este diálogo. En el resultado de los trabajos del IES Lamas das Quendas afloró la admiración del alumnado por el esfuerzo de las familias en salir adelante y procurar un futuro mejor.

En una primera parte la investigación se centró en las historias de vida de las mujeres de la aldea de Milleirós, Carballedo; la mayoría había tenido experiencias relacionadas con la emigración, fundamentalmente a Inglaterra y Suiza. De hecho, la propia configuración de la aldea cambió con el dinero de la emigración: en la entrada de la aldea se construyeron casas grandes, nuevas, y las viejas casas quedaron en el núcleo de la aldea sin modificar (porque los terrenos eran muy pequeños y las casas estaban unidas unas a otras).



As historias de emigración das mulleres que recollimos en Milleirós situáronnos nun contexto onde, na maior parte dos casos, a experiencia vital da emigración nárrese cunha mirada positiva, algo común nas historias das/os estudantes do IES Lamas das Quendas en Chantada.

Historias de emigración en Londres, Suíza, Alemania e Venezuela, a maioría das avoas do alumnado emigraron nos anos 60-70. Como nun palimpsesto, nunha vida hai moitas capas, sorpréndenos escoitar a unha estudante contar como a súa avoa e a súa irmá sortearon o seu destino, porque por cuestións económicas non podían estudar as dúas.


Noutros casos aparece no relato familiar das mulleres a sorte. Ademais das experiencias de traballo e sacrificio, estas mulleres contan que traballaron moito pero que tamén tiveron sorte, cos empregadores, coas familias que coñeceron... Tamén aparece o medo, coma no caso dunha avoa que voltou de Caracas a Galicia despois de vivir un terremoto onde se derrubaron os edificios.

Las historias de emigración de las mujeres que recogemos en Milleirós nos situaron en un contexto donde, en la mayor parte de los casos, la experiencia vital de la emigración se narra con una mirada positiva, algo común en las historias de las/los estudiantes del IES Lamas das Quendas en Chantada.

Historias de emigración en Londres, Suiza, Alemania y Venezuela, la mayoría de las abuelas del alumnado emigraron entre los años 60-70. Como en un palimpsesto, en una vida hay muchas capas, nos sorprende escuchar a una estudiante contar como su abuela y su hermana sortearon su destino, porque por cuestiones económicas no podían estudiar las dos.

En otros casos aparece en el relato familiar de las mujeres la suerte. Además de las experiencias de trabajo y sacrificio, estas mujeres cuentan que trabajaron mucho pero que también tuvieron suerte, con los empleadores, con las familias que conocieron... También aparece el miedo, como en el caso de una abuela que volvió de Caracas a Galicia después de vivir un terremoto donde se derrumbaron los edificios.





## Os caderniños e libros de artista

Escoitar e propiciar entrevistas familiares non é habitual no contexto escolar, hai exemplos, claro, pero son proxectos excepcionais que chocan coa obsesión que temos polos enormes temarios que hai que estudar (no bacharelato é unha obsesión que pode afectar á saúde mental).

Mediante as referencias aos libros de artista da arte contemporánea, buscouse propiciar a liberdade formal á hora de construír un pequeno caderniño que recollera as historias de vida das súas avoas e as expectativas para o seu futuro. Xogamos co azar para que o estudantado utilizara palabras recortadas dos xornais para propiciar a creatividade, e procuramos que experimentaran coas portadas e cos formatos.

Atopar un grupo de profesores colaboradores foi esencial para que os estudantes se implicaran en tarefas que aumentaban a súa carga de traballo. Tamén, como é habitual, observamos como algunhas estudantes se implicaron moito máis que os rapaces da súa clase, nas gravacións, na recompilación de fotografías e na elaboración do caderniño, e como as dinámicas do grupo de amigos influen na implicación no proxecto proposto.

Agradecemos ao profesor Juan Manuel Vázquez Vázquez e ás profesoras Beatriz Muñoz Osorio (Música) e Cristina Ouro Gómez (Debuxo) do IES Lama das Quendas de Chantada a súa colaboración no proxecto.

## Los cuadernillos y libros de artista

Escuchar y propiciar entrevistas familiares no es habitual en el contexto escolar, hay ejemplos, claro, pero son proyectos excepcionales que chocan con la obsesión que tenemos por los enormes temarios que hay que estudiar (en el bachillerato es una obsesión que puede afectar a la salud mental).

Mediante las referencias a los libros de artista del arte contemporáneo, se buscó propiciar la libertad formal a la hora de construir un pequeño cuadernillo que recogiese las historias de vida de sus abuelas y las expectativas para su futuro. Jugamos con el azar para que el alumnado utilizase palabras recortadas de los periódicos para propiciar la creatividad, y procuramos que experimentasen con las portadas y con los formatos.

Encontrar a un grupo de profesores colaboradores fue esencial para que los estudiantes se implicasen en tareas que aumentaban su carga de trabajo. También, como es habitual, observamos cómo algunas estudiantes se implicaron mucho más que los chicos de su clase, en las grabaciones, en la recopilación de fotografías y en la elaboración del cuadernillo, y cómo las dinámicas del grupo de amigos influyen en la implicación en el proyecto propuesto.

Agradecemos al profesor Juan Manuel Vázquez Vázquez y a las profesoras Beatriz Muñoz Osorio (Música) y Cristina Ouro Gómez (Dibujo) del IES Lamas das Quendas de Chantada su colaboración en el proyecto.

## Sobre o pasado Historias familiares

### Sobre el pasado Historias familiares

## Estela Simón López

A miña bisavoa (María Dolores Sánchez Pérez) emigrou a Londres no ano 1971. Alí, os primeiros meses estivo traballando de ama de casa para persoas nativas de Reino Unido. Debido a malos tratos por parte dos seus xefes tivo que cambiar de profesión. Empezou a exercer como enfermeira nun hospital onde coñeceu a moitas persoas de diferentes nacionalidades. Tamén tivo a sorte de coñecer a unha familia de A Coruña e despois, grazas a eles, tivo a oportunidade de estudar nunha escola de costura desta cidade. Finalmente, regresou a Galicia en 1974.

Mi bisabuela (María Dolores Sánchez Pérez) emigró a Londres en el año 1971. Allí, los primeros meses estuvo trabajando de ama de casa para personas nativas de Reino Unido. Debido al maltrato por parte de sus jefes tuvo que cambiar de profesión. Empezó a ejercer como enfermera en un hospital donde conoció a muchas personas de diferentes nacionalidades. También tuvo la suerte de conocer a una familia de A Coruña y después, gracias a ellos, tuvo la oportunidad de estudiar en una escuela de costura de esta ciudad. Finalmente, regresó a Galicia en 1974.



Fotografías de María Dolores Sánchez Pérez cando era enfermeira en Londres

Fotografías de María Dolores Sánchez Pérez cuando era enfermera en Londres

## Sara María Recarey Lage

Coñecer máis en profundidade a historia da miña bista Maruja axudoume a decatarme da sorte que temos os nenos desta época, que crecemos sen guerras, con acceso a unha educación gratuita e nunha sociedade (aínda que queda moito por loitar) na que a voz da muller non é silenciada. Aínda que a miña bista tivo unha infancia moi complicada, marcada por un pai ausente que tivo que emigrar a Panamá por motivos políticos, logrou saír adiante como unha muller independente. A miña bista nunca se casou e logrou moitas cousas sendo unha muller solteira. Traballou como modista en Barcelona, viaxou polo mundo asistindo a desfiles de moda e incluso traballou con deseñadores famosos. (...)

## Victoria García Fernández

En 1938 nace María Luisa Ledo Fontela nun pequeno pobo de Chantada. Con 16 anos e deixando atrás o sono de ser mestra, a necesidade faina emigrar a Cataluña, onde comeza a traballar de costureira. Nesa mesma sastrería coñece ao meu avó. (...). Non será ata 35 anos despois de emigrar cando regresa a Galicia desde Sabadell. Abriu un hotel-restaurante co meu avó, onde traballaron ata o día da súa xubilación.

Conocer más en profundidad la historia de mi bista Maruja me ha ayudado a darme cuenta de la suerte que tenemos los niños de esta época, que crecemos sin guerras, con acceso a una educación gratuita y en una sociedad (aunque queda mucho por luchar) en la que la voz de la mujer no es silenciada. Aunque mi bista tuvo una infancia muy complicada, marcada por un padre ausente que tuvo que emigrar a Panamá por motivos políticos, logró salir adelante como una mujer independiente. Mi bista nunca se casó y logró muchas cosas siendo una mujer soltera. Trabajó como modista en Barcelona, viajó por el mundo asistiendo a desfiles de moda e incluso trabajó con diseñadores famosos. (...)

En 1938 nace María Luisa Ledo Fontela en un pequeño pueblo de Chantada. Con 16 años, y dejando atrás su sueño de ser maestra, la necesidad la obliga a emigrar a Cataluña, donde comienza a trabajar de costurera. En esa misma sastrería conoce a mi abuelo. (...). No será hasta 35 años después de emigrar cuando regresa a Galicia desde Sabadell. Abrió un hotel-restaurante con mi abuelo, donde trabajaron hasta el día de su jubilación.

## Sobre o futuro

### Sobre el futuro

## Estela Simón López

Relaciono o meu futuro co meu pasado, co sentimento de nostalxia que me produce Londres. Sempre me gustou o inglés e a súa cultura. Por iso, o meu soño é poder vivir en Reino Unido e dominar a lingua inglesa. (...)

Relaciono mi futuro con mi pasado, con el sentimiento de nostalgia que me produce Londres. Siempre me gustó el inglés y su cultura. Por eso, mi sueño es poder vivir en Reino Unido y dominar la lengua inglesa. (...)

## Sara María Recarey Lage


(...) Unha das cousas que máis me gustaría facer é estudar medicina e logo especializarme en oncoloxía para axudar a todas as mulleres, nenos e homes que pasan por un cancro. (...)

(...) Una de las cosas que más me gustaría hacer es estudiar medicina y luego especializarme en oncología para ayudar a todas las mujeres, niños y hombres que pasan por un cáncer. (...)

## Victoria García Fernández

No futuro véxome acabando os meus estudos e sacándome a carreira de arquitectura. Despois casarei e terei unha familia de tres fillos e unha casa grande cun xardín cheo de flores e cans.

En el futuro me veo acabando mis estudios y sacándome la carrera de arquitectura. Después me casaré y tendré una familia de tres hijos y una casa grande con un jardín lleno de flores y perros.





Macarena Montesinos co alumnado do IES Lasma das Quendas de Chantada, Lugo  
Macarena Montesinos con el alumnado del IES Lasma das Quendas de Chantada, Lugo

## Baixo a mediación de Macarena Montesinos

### Mirar sons

*Mirar sons* é unha aproximación teórico-práctica centrada nas prácticas sonoras contemporáneas desenvolvidas a partir da segunda metade do século XX. A través de dúas sesións, buscouse reflexionar e ampliar coñecementos arredor de conceptos como a escoita, o ruído, o silencio e o azar, decisivos nos modos de creación e composición na arte contemporánea.

A primeira sesión consistiu nunha clase maxistral apoiada con material audiovisual. A través dunha aproximación a diferentes representacións gráficas do son na historia, analizáronse exemplos como os *Intonarumori* de Luigi Russolo, Cage, Fluxus e a incursión da música electrónica, con mencións a mulleres pioneiras e esquecidas na música experimental, como Bebe Barron, Daphne Oram e o seu invento *Oramics*, Pauline Oliveros, Eliane Radigue, Else Marie Jade, entre outras.

A segunda sesión consistiu en formar unha orquestra de *Soundpainting*, unha práctica desenvolvida por Walter Thompson nos anos setenta. O *Soundpainting* é a linguaxe universal de sinais para a composición multidisciplinaria en vivo. Creouse unha orquestra con cada grupo de alumnos empregando os instrumentos do centro: baixo e guitarra eléctrica, percusión de láminas, claves, frautas doces, ukelele e teclados. Pouco a pouco, de forma práctica, explicáronse as sinais ata conseguir desenvolver pezas sonoras. Nos últimos 10 minutos da sesión, parte do alumnado e do equipo docente tivo a oportunidade de dirixir a orquestra.

## Bajo la mediación de Macarena Montesinos

### Mirar sons

*Mirar sons* es una aproximación teórico-práctica centrada en las prácticas sonoras contemporáneas desarrolladas a partir de la segunda mitad del s.XX. A través de dos sesiones, se buscó reflexionar y ampliar conocimientos alrededor de conceptos como la escucha, el ruido, el silencio y el azar, decisivos para los modos de creación y composición en el arte contemporáneo.

La primera sesión consistió en una clase magistral apoyada con material audiovisual. A través de una aproximación a diferentes representaciones gráficas del sonido de la historia, se analizaron ejemplos como los *Intonarumori* de Luigi Russolo, obras de Cage, Fluxus y la incursión de la música electrónica, con menciones a mujeres pioneras y olvidadas en la música experimental como Bebe Barron, Daphne Oram y su invento *Oramics*, Pauline Oliveros, Eliane Radigue, Else Marie Jade, entre otras.

La segunda sesión consistió en formar una orquestra de *Soundpainting*, una práctica desarrollada por Walter Thompson en los años setenta. *Soundpainting* es el lenguaje universal de señas para la composición multidisciplinaria en vivo. Se formó una orquestra con cada grupo de alumnos con los instrumentos del centro: bajo y guitarra eléctrica, percusión de láminas, claves, flautas dulces, ukelele y teclados. Se les explicó poco a poco de forma práctica las señales hasta que se logró desarrollar piezas sonoras. En los últimos 10 minutos de la sesión, parte del alumnado y del equipo docente tuvo la oportunidad de dirigir la orquestra.

POR

# Sara Donoso

## *Entre lazos e raíces (a modo de conclusión)*

*Enraizadas* permitiunos achegarnos a Milleirós, un pequeno enclave da Ribeira Sacra, dende unha perspectiva de respecto e recoñecemento ao seu paisaxe, patrimonio, memoria e habitantes.

Creemos que a arte e a cultura son ferramentas poderosas para transformar o mundo e, neste caso, para preservar a memoria dun lugar tan auténtico como, ás veces, esquecido. En *Enraizadas*, vivimos como un público non familiarizado coa creación contemporánea pode participar activamente no proceso artístico, enriquecendo o proxecto con novas perspectivas. Este foi precisamente un dos obxectivos: ser un punto de encontro para persoas de distintas xeracións e experiencias, onde o valor do rural non esqueza que a súa maior riqueza está nas súas xentes.

Para nós, esta aproximación significou crear lazos coa poboación local. Xogar ás cartas, merendar, pasear, compartir charlas... Entender como se transmitían os oficios, imaxinar a tantas retornadas que ensinaban a coser a quen estivese disposta a aprender; percorrer os camiños que sostían os pasos desas mulleres que, coa máquina na cabeza, andaban polas aldeas en busca de encargos. Este exercicio de escoita tamén nos fixo entender que marchar a traballar fóra da terra non é algo novo. Ese ir e vir sempre estivo presente en Galicia: traballos de temporada en hoteis de Inglaterra, estadías noutras casas para gañar o xornal... Pero tamén había traballo na aldea: muiños, casas que foron tear, zapaterías, a banda de música

## *Entre lazos y raíces (a modo de conclusión)*

*Enraizadas* nos ha permitido acercarnos a Milleirós, un pequeño enclave de la Ribeira Sacra, desde una perspectiva de respeto y reconocimiento a su paisaje, patrimonio, memoria y habitantes.

Creemos que el arte y la cultura son herramientas poderosas para transformar el mundo y, en este caso, para preservar la memoria de un lugar tan auténtico como, a veces, olvidado. En *Enraizadas* hemos presenciado cómo un público no familiarizado con la creación contemporánea puede participar activamente en el proceso artístico, enriqueciendo el proyecto con nuevas perspectivas. Éste fue precisamente uno de los objetivos: ser un punto de encuentro para personas de distintas generaciones y experiencias, donde el valor del rural no olvide que su mayor riqueza está en sus gentes.

Para nosotras, esta aproximación significó crear lazos con la población local. Jugar a las cartas, merendar, pasear, compartir charlas... Entender cómo se transmitían los oficios, imaginar a tantas retornadas que enseñaban a coser a quien estuviera dispuesta a aprender; recorrer los caminos que sostenían los pasos de esas mujeres que, con la máquina en cabeza, caminaban por las aldeas en busca de encargos. Este ejercicio de escucha también nos hizo entender que marchar a trabajar fuera de la tierra no es algo nuevo. Ese ir y venir siempre ha estado presente en Galicia: trabajos de temporada en hoteles de Inglaterra, estadías en otras casas para



Visita á aldea no día da avaliación do proxecto

Visita a la aldea el día de la evaluación del proyecto

que a miúdo enchía a praza. E a música lévanos aos bailes, ás parellas, ás rapazas que volvían descalzas polos camiños para non manchar os zapatos de lama: ás risas, rumores e anécdotas das que aínda hoxe persisten os ecos.

A forza deste proxecto non se atopa no medible, senón no que se filtra entre os intersticios: nas narracións cruzadas, na cooperación, na sorpresa de recoñecerse no outro; no valor humano.

ganarse el sueldo... Pero también había trabajo en la aldea: molinos, casas que fueron telar, zapaterías, la banda de música que a menudo llenaba la plaza. Y la música nos llevan a los bailes, a las parejas, a las jóvenes que volvían descalzas por los caminos para no mancharse los zapatos de barro: a las risas, rumores y anécdotas de las que aún hoy persisten los ecos.

La fuerza de este proyecto no se encuentra en lo medible, sino en aquello que se filtra entre los intersticios: en las narraciones cruzadas, en la cooperación, en la sorpresa de reconocerse en el otro; en el valor humano.



Foto de Zeltia Iglesias na fase da investigación previa

## Biografías

### Loli Docampo

Loli Docampo estudou Economía na Universidade de Vigo e especializouse posteriormente na Universidade Carlos III de Madrid e na Universidade de Santiago de Compostela en diferentes programas sobre xestión da innovación. Conta cunha ampla experiencia en consultoría estratéxica e estudos sectoriais, e foi responsable do Observatorio Audiovisual de Galicia e investigadora no estudo sobre as Industrias Culturais e Creativas en Galicia e Norte de Portugal.

Nos últimos anos, desenvolve na UVigo tarefas como xestora e promotora de proxectos europeos, inicialmente para os grupos de investigación de Humanidades e Arte e, na actualidade, para o grupo de Xestión do Coñecemento en proxectos de Mobilidade Avanzada, Valorización Turística do Patrimonio e Apoio ao Emprendemento.

Ademais de ser moi activa no movemento asociativo do seu pobo, Loli forma parte do colectivo O Mar por Diante, unha proposta de intervención cultural no concello de Bueu organizada por un grupo de persoas relacionadas coa xestión cultural, a divulgación e a investigación en distintos campos do saber, a edición e a escrita, que trata, entre outros temas, a coincidencia en Bueu dun grupo de artistas e intelectuais nos anos 30. Ademais, é membro da Xunta Directiva da Asociación Cunchas e Flores de Bueu.

### Sara Donoso

Sara Donoso é comisaria, mediadora e xestora cultural. É doutora en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Actualmente colabora con institucións como a Facultade de Belas Artes de Pontevedra e o CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea) de Santiago de Compostela, ademais de formar parte do equipo de programación de INTERSECCIÓN. Festival Internacional de Cine de A Coruña.

Durante os cursos 2021-23 encargouse da programación expositiva da Sala Alterarte no Campus de Ourense (Universidade de Vigo) e entre as súas últimas exposicións destácanse *Sin medida* (Vicky Kylander & Jesús Alberto Pérez Castañón) na galería La Gran de Madrid (2023); *Formas propias. Deseño para a innovación en Galicia* (co-comisariado con David Barro na Fundación DIDAC, 2022) ou o proxecto *Unha ollada a Galicia. Colección CGAC*, tres mostras colectivas que revisaron os últimos vinte anos da arte en Galicia a través da colección desta institución (2021-22). Entre os seus proxectos de mediación e colaboración colectiva inclúense *Idear Alemparte. Creación e innovación no rural gallego* (2022)

## Biografías

### Loli Docampo

Loli Docampo estudou Economía na Universidade de Vigo e se especializou posteriormente na Universidad Carlos III de Madrid y en la Universidad de Santiago de Compostela en diferentes programas sobre gestión de la innovación. Cuenta con una amplia experiencia en consultoría estratégica y estudios sectoriales y ha sido responsable del Observatorio Audiovisual de Galicia e investigadora en el estudio sobre las Industrias Culturales y Creativas en Galicia y Norte de Portugal.

En estos últimos años desarrolla en la UVigo tareas de gestora y promotora de proyectos europeos, inicialmente para los grupos de investigación de Humanidades y Arte y, en la actualidad, para el grupo de Gestión del Conocimiento en proyectos de Movilidad Avanzada, Valorización Turística del Patrimonio y Apoyo al Emprendimiento.

Además de ser muy activa en el movimiento asociativo de su pueblo, Loli es parte del colectivo O Mar por Diante, una propuesta de intervención cultural en el ayuntamiento de Bueu organizada por un grupo de personas relacionadas con la gestión cultural, la divulgación y la investigación en distintos campos del saber, la edición y la escritura que trata, entre otros temas, la coincidencia en Bueu de un grupo de artistas e intelectuales en los años 30. Además, es parte de la Junta Directiva de la Asociación Cunchas e Flores de Bueu.

### Sara Donoso

Sara Donoso es comisaria, mediadora y gestora cultural. Es doctora en Historia del arte por la Universidad de Santiago de Compostela (USC). Actualmente colabora con instituciones como la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra y el CGAC (Centro Gallego de Arte Contemporáneo) de Santiago de Compostela, además de formar parte del equipo de programación de INTERSECCIÓN. Festival Internacional de Cine de A Coruña.

Durante los cursos 2021-23 se encargó de la programación expositiva de la Sala Alterarte en el Campus de Ourense (Universidad de Vigo) y entre sus últimas exposiciones se destacan *Sin medida* (Vicky Kylander & Jesús Alberto Pérez Castañón) en la galería Lana Gran de Madrid (2023); *Formas propias. Diseño para la innovación en Galicia* (co-comisariado con David Barro en la Fundación DIDAC, 2022) o el proyecto *Una mirada a Galicia. Colección CGAC*, tres muestras colectivas que revisaron los últimos veinte años del arte en Galicia a través de la colección de esta institución (2021-22). Entre sus proyectos de mediación y colaboración colectiva se incluyen *Idear Alemparte. Creación e innovación en el rural gallego* (2022) o la coorganización de *Arte Ambulante. Arte contemporáneo*

ou a coorganización de *Arte Ambulante. Arte contemporáneo no rural galego* (A Colectiva, 2019-2023), ademais da realización de talleres e visitas guiadas no CGAC.

Entre as súas publicacións destacan *Está vostede aquí? Vulnerabilidade e emocións no ámbito artístico contemporáneo* (2023), a serie *En tránsito. Entrevistas a ex-alumnado da Facultade de Belas Artes* (2020-24), *Miradas cruzadas* (2019) ou *Paisaxe e pintura no audiovisual galego contemporáneo* (2016). Foi recoñecida co Premio Talento Mozo na modalidade de Cultura e Creación, outorgado pola Xunta de Galicia (2020).

## Silvia García González

Doutora en Belas Artes, desde 2002 é profesora na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. Durante sete anos traballou no Centro Galego de Arte Contemporánea no departamento de actividades. Como comisaria, levou a cabo en colaboración coa ONCE o *Proxecto táctil*, exposicións de pezas de arte contemporánea expostas para ser experimentadas polo tacto. Participou en exposicións como *Eidos da imaxe* no MARCO de Vigo en 2014 e comisariou as exposicións *En tránsito* no Hospital Provincial de Pontevedra e *Desde as rúas da memoria, fotografías e espazos públicos* no Pazo da Cultura de Pontevedra. No Museo de Arte Contemporánea (MAC) da Coruña participou na exposición *Relatos privados e espazos públicos* e no Museo de Artes Decorativas de Madrid participou na exposición *Hacer, diseñar, pensar*. A súa última mostra individual tivo lugar na galería Patio de Luz de Santiago de Compostela en outubro de 2024 baixo o título *Aprender do lugar (de todo queda algo)*.

Levou a cabo as intervencións *A cidade desde dentro* na biblioteca da facultade de filosofía da USC e *A cidade desde fóra* na antiga escola Torrecino na parroquia de Cela en Bueu. Tamén levou a cabo o proxecto *Os silencios que comeu Alicia* na biblioteca do CGAC. Na actualidade, traballa no proxecto *Rastro material*, feito a partir de arquivos persoais, amosado en 2019 no Pazo de Tor da Rede Museística da Deputación de Lugo e en 2020 no Claustro alto de Fonseca, da USC. En 2020 publicou o seu primeiro libro de poemas, titulado *Nenas medrando* coa editorial Chan da pólvora.

## Zeltia Iglesias Rodríguez

Zeltia naceu en Ribeira pero medrou en Rois. Viviu tamén en Texas, Ourense e Albania; agora reside en Compostela. Estudou deseño gráfico na EASD Antonio Fálde e fotografía na EASD Mestre Mateo. Formouse en danza contemporánea en diferentes escolas, en ximnasia rítmica no clube Ausarta e en baile e música tradicional no grupo Chorima.

Con 5 anos coseu un debuxo con fío verde na palma da man porque quería ter unha tatuaxe. Cando tiña 8 anos

en *el rural gallego* (A Colectiva, 2019-2023), ademais da realización de talleres e visitas guiadas en el CGAC.

Entre sus publicaciones destacan *¿Está usted aquí? Vulnerabilidad y emociones en el ámbito artístico contemporáneo* (2023), la serie *En tránsito. Entrevistas a ex-alumnado de la Facultad de Bellas Artes* (2020-24), *Miradas cruzadas* (2019) o *Paisaje y pintura en el audiovisual gallego contemporáneo* (2016). Fue reconocida con el Premio Talento Mozo en la modalidad de Cultura y Creación, otorgado por la Xunta de Galicia (2020).

## Silvia García González

Doctora en Bellas Artes, desde 2002 es profesora en la Facultad de Bellas Artes de la Universidad de Vigo. Durante siete años trabajó en el CGAC. Centro Gallego de Arte Contemporánea en el departamento de actividades. Como comisaria llevó a cabo, en colaboración con la ONCE, el *Proyecto táctil*, exposiciones de piezas de arte contemporáneo expuestas para ser experimentadas por el tacto. Participó en exposiciones como *Eidos da imaxe* en el MARCO de Vigo en 2014 y comisarió las exposiciones *En tránsito* en el Hospital Provincial de Pontevedra y *Desde as rúas da memoria, fotografías e espazos públicos* en el Pazo da Cultura de Pontevedra. En el Museo de Arte Contemporánea (MAC) de A Coruña participó en la exposición *Relatos privados y Espacios públicos* y en el Museo de Artes Decorativas de Madrid participó en la exposición *Hacer, diseñar, pensar*. Su última muestra individual tuvo lugar en la galería Patio de Luz de Santiago de Compostela en octubre de 2024 bajo el título *Aprender do lugar (de todo queda algo)*.

Llevó a cabo las intervenciones *A cidade desde dentro* en la biblioteca de la facultad de filosofía de la USC y *A cidade desde fóra* en la antigua escuela Torrecino en la parroquia de Cela, en Bueu. También llevó a cabo el proyecto *Os silencios que comeu Alicia* en la biblioteca del CGAC. En la actualidad trabaja en el proyecto de *Rastro material*, hecho a partir de archivos personales, mostrado en 2019 en el Pazo de Tor de la Red Museística de la Diputación de Lugo y en 2020 en el Claustro alto de Fonseca, de la USC. En 2020 publicó su primer libro de poemas, titulado *Nenas medrando* con la editorial Chan da pólvora.

## Zeltia Iglesias Rodríguez

Zeltia nació en Ribeira pero creció en Rois. Vivió también en Texas, Ourense e Albania; actualmente reside en Santiago de Compostela. Estudió diseño gráfico en la EASD Antonio Fálde y fotografía en la EASD Mestre Mateo. Se formó en danza contemporánea en diferentes escuelas, en gimnasia rítmica en el club Ausarta y en baile y música tradicional en el grupo Chorima.

Con 5 años cosió un dibujo con hilo verde en la palma de la mano porque quería tener un tatuaje. Cuando tenía 8

xogaba a deseñar DNIs e con 15 deseñou unha camiseta que levou posta un astronauta da AEE. Actualmente traballa como deseñadora gráfica no estudio *Cenlitos* e facendo dirección creativa, arte, deseño e fotografía en diferentes proxectos musicais.

No ano 2022 recibe o Premio Extraordinario Fin de Carrera da Xunta de Galicia e no 2023 é seleccionada para formar parte do Encontro de Artistas Novos #EAN13 na Cidade da Cultura, e para o *Catálogo de Referentes de Alingua*. En 2022 participa na exposición *A Galicia Deseñada*, organizada por Describir e Marcos Dopico na sala Normal; forma parte do Showcase da Galicia Design Week e da exposición *Re: inicio* organizada por Arte.Facto en Fuck This Studio. En 2023 expón na Igrexa da Universidade da USC para o Xuventude Crea.

A súa obra foi publicada no ano 2024 no *Posttraumatic VOL VII*. En 2023 participa na publicación *Sacrificio* de Edicións Malafera e en 2022 nos fanzines de *Gulsimo eu* e *Supermerda*. En 2018 publícase o seu proxecto *Anti-bandeiras* na revista *Caleidoscópica N4: Trânsitos*.

## Macarena Montesinos

Violonchelista, artista visual e investigadora. Actualmente é investigadora da Facultade de Belas Artes de Pontevedra da Universidade de Vigo, onde estuda a relación entre as partituras gráficas e a improvisación sonora.

Artista fronteiriza que traballa en diferentes medios como a arte sonora, a performance, as artes escénicas e o audiovisual. Realizou múltiples residencias artísticas de investigación en Galicia, España, Alemaña, Suíza e Portugal. Entre os anos 2023 e 2024 levou a cabo diferentes proxectos ligados ás súas liñas de investigación como *Concerto Monocromo*, un evento sonoro que inaugurou o festival Plataforma, ou a instalación *Fitotario*, un Invernadoiro Interactivo realizado para as Torres Hejduk da Cidade da Cultura. Así mesmo, colabora no mundo das artes escénicas e audiovisuais. No ano 2024 compuxo a música para a película *Las tierras del Cielo* de Pablo García Canga e colaborou na nova produción do artista e cineasta Roi Fernández.

É integrante de múltiples formacións de improvisación e música experimental como o cuarteto de corda *Suelen Estar Quartet, Límbico, Fonogenia, Orquesta Galega de Liberación* ou o desaparecida *Omega*. Até a data ten máis dunha ducia de discos publicados en selos europeos e americanos como *CreativeSources* (PT), *Pan y Rosas* (EE.UU) ou *Setola de Maiale* (IT).

años jugaba a deseñar DNIs e con 15 deseñó una camiseta que levou puesta un astronauta de la AEE. Actualmente trabaja como diseñadora gráfica en el estudio *Cenlitos* y haciendo dirección creativa, arte, diseño y fotografía en diferentes proyectos musicales.

En el año 2022 recibe el Premio Extraordinario Fin de Carrera de la Xunta de Galicia y en el 2023 es seleccionada para formar parte del Encontro de Artistas Novos #EAN13 en la Cidade da Cultura, y para el *Catálogo de Referentes de Alingua*. En 2022 participa en la exposición *A Galicia Deseñada*, organizada por Describir y Marcos Dopico en la sala Normal; forma parte del Showcase de la Galicia Design Week y de la exposición *Re: inicio* organizada por Arte.Facto en Fuck This Studio. En 2023 expone en la Iglesia de la Universidad de la USC para en el marco de Xuventude Crea.

Su obra fue publicada en el año 2024 en el *Posttraumatic VOL VII*. En 2023 participa en la publicación *Sacrificio* de Ediciones Malafera y en 2022 en los fanzines de *Gulsimo eu* e *Supermerda*. En 2018 se publica su proyecto *Anti-bandeiras* en la revista *Caleidoscópica N4: Trânsitos*.

## Macarena Montesinos

Violonchelista, artista visual e investigadora. Actualmente es investigadora de la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra de la Universidad de Vigo, donde estudia la relación entre las partituras gráficas y la improvisación sonora.

Artista fronteriza que trabaja en diferentes medios como el arte sonoro, la performance, las artes escénicas y el audiovisual. Ha realizado múltiples residencias artísticas de investigación en Galicia, España, Alemania, Suiza y Portugal. Entre los años 2023 y 2024 llevó a cabo diferentes proyectos ligados a sus líneas de investigación como *Concierto Monocromo*, un evento sonoro que inauguró el festival Plataforma, o la instalación *Fitotario*, un Invernadero Interactivo realizado para las Torres Hejduk de la Cidade da Cultura. Así mismo, colabora en el mundo de las artes escénicas y audiovisuales. En el año 2024 ha compuesto la música para la película *Las tierras del Cielo* de Pablo García Canga y colaboró en la nueva producción del artista y cineasta Roi Fernández.

Es integrante de múltiples formaciones de improvisación e música experimental como el cuarteto de cuerda *Suelen Estar Quartet, Límbico, Fonogenia, Orquesta Galega de Liberación* o la desaparecida *OMEGA*. Hasta la fecha tiene más de una docena de discos publicados en sellos europeos y americanos como *CreativeSources* (PT), *Pan y Rosas* (EE.UU) o *Setola de Maiale* (IT).



**Cultura, derecho de Todas**

Proyecto subvencionado por:



Asociación  
Lincors  
Alemparte



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE IGUALDAD

**Instituto** de las  
**MUJERES**

